

# GABANZA DA NOSA TERRA

Noite da Edición 2007, Asociación Galega de Editores

Os últimos cen anos da historia de nós non poden ser comprendidos sen a achega cultural e o alento cívico galeguista proporcionado por *A Nosa Terra*.

Así foi desde a súa fundación na Coruña en 1907, por iniciativa do sector galeguista da plataforma Solidaridad Gallega, agrupado arredor da librería de Uxío Carré Aldao, até 1916 cando aparece como boletín e idearium das Irmandades da Fala. Do mesmo xeito continuou desde febreiro de 1932 cando se transforma en “Boletín do Partido Galeguista” –editada primeiro en Pontevedra, logo, en Compostela por Ánxel Casal, e, máis tarde, outra volta na vila do Lérez, até en 1936 ser crebado aquel tempo de entusiasmo polo alzamento militar–. Así proseguíu co seu renacemento en xuño de 1942 por parte da Irmandade Galega de Buenos Aires, que agrupaba o exilio e a emigración galeguistas e onde Castelao será o seu condutor e editorialista até a súa morte. Así foi tamén desde a súa reaparición en Santiago o 4 de decembro de 1977 como semanario da man de Margarita Ledo Andión, cando se comezaban a abrir xanelas para o aire democrático, e anos máis tarde na viguesa rúa Príncipe, baixo o leme de Afonso Eyré, até agora mesmo, cando despois de trinta anos de andaina como publicación nacionalista, con Miguel Barros Puente á fronte dunha renovada empresa editora, un equipo de profesionais novos dirixidos por Manuel Veiga Taboada atrevese afoutamente a refacer o seu proxecto comunicacional dotándose das máis modernas ferramentas proporcionadas pola sociedade da información e do coñecemento. En cada unha destas etapas *A Nosa Terra* participou activamente na confección do relato dese proceso histórico de construción de Galicia como nación e como suxeito e protagonista da creación cultural na nosa lingua milenaria.

O centenario proxecto editorial e xornalístico *A Nosa Terra* representa –pola súa insólita permanencia e capacidade de innovación e adaptación a cada momento histórico, pola súa inquebrantable lealtade co noso idioma e cos anxeios de autogoberno– o papel esencial que nos corresponde aos editores en lingua galega: facer país promovendo a civilidade e a galegitude dende a lectura na lingua de nós. Este papel fulcral, esta confianza inquebrantable nas nosas propias posibilidades é razón abonda para que todos os editores galegos de hoxe nos espellemos na memoria editorial d’ *A Nosa Terra*, a memoria de editores de Carré Aldao e Lugrís Freire, a de Leandro Carré Alvarellos e Antón Villar Ponte, a de Casal e Camilo Díaz Baliño, a de Castelao, Bóveda e Víctor Casas... Unha longa nómina de editores galeguistas que acrisolaron este proxecto editorial que deitou vieiros de esperanza para a lectura en galego.

Outrosí debemos recoñecer ao equipo de profesionais da edición (como Xosé Puga, Xan Carballa ou Enrique Acuña) que dende 1984 –ano no que Promocións Culturais Galegas, empresa editora do semanario *A Nosa Terra* dende 1977, decidiu diversificar a súa oferta cultural– acometeron a publicación de números monográficos ou especiais que constituíron o xermolo da editora *A Nosa Terra*, actualmente unha das máis dinámicas e de maior presenza no mercado do libro en galego.

O proxecto alboral daquela serie de revistas-libro foi o inesquecible monográfico *Rosalía viva*, aparecido coincidindo coa Día das Letras Galegas de 1984, ao que seguiron con periodicidade anual os dedicados a Cunqueiro, Blanco Amor, Seoane,

Castelao e Bóveda, por só citar algúns dos escritores dunha colección xa emblemática na nosa edición moderna, que supuxo unha inflexión para a empresa editora e, tamén me atrevería, a dicir para o conxunto do noso sector, pola calidade tanto da súa edición como do seu deseño gráfico e concepción literaria.

O rotundo éxito desta serie de especiais, bautizada como “A nosa cultura”, con tiradas algúns de dez mil exemplares, permitiu a aparición de novas series como “A nosa historia” (1986), “Cadernos de A Nosa Terra de pensamento e cultura” e a definitiva consolidación do proxecto editorial a partir de 1989. Dende entón, A Nosa Terra edicións publicou máis dun milleiro de títulos, desenvolvendo un catálogo xeralista, con importante presenza nos eidos da divulgación da cultura do país, na edición infantil, no libro de texto de lingua galega e Ciencias Sociais de Secundaria, na recuperación da memoria histórica e na literatura de viaxes.

A edición da colección de vinte volumes “Historia de Galicia”, durante os anos 90 e 91; a reedición en 1995 dos álbums de Castelao *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*, así como a publicación da *Historia da Literatura Galega*, entre os anos 96 e 97 en colaboración coa Asociación Sociopedagóxica Galega (ASPG), en 50 cincuenta fascículos e outros tantos volumes dos nosos autores canónicos, así como a colección “Esenciais”, os primeiros títulos de edición acartonada dirixidos ao grande público e cun prezo moi competitivo (ao que non é allea a súa participación decisiva na creación da Gráfica Norprint) son outros fitos senlleiros para a conformación dun catálogo esencial para o libro galego que hoxe recoñecemos con admiración e agradecemento todos os colegas do sector.

Mais coa mudanza de século, coincidindo case coa creación do Consorcio Editorial Galego en 2002 (distribuidora promovida por A Nosa Terra, xunto con Baía edicións e Sotelo Blanco), estourou o “fenómeno dos Bolechas”, a máis importante serie da literatura infantil na nosa lingua, creada polo debuxante, humorista gráfico e comiqueiro Pepe Carreiro. Iniciada en 2000, esta serie protagonizada polos fillos dunha familia numerosa que fan da vida cotiá unha apaixonante aventura, leva publicados máis de dous centos títulos e vendidos máis dun millón de exemplares, o que constitúe un auténtico fenómeno social que a convertiu nunha das ferramentas de iniciación lectora e normalización lingüística máis poderosas e eficaces paridas na historia da edición galega. O éxito rotundo no mercado familiar desta serie, a súa intelixente diversificación –presentada hoxe en diversos formatos e soportes e dirixida a non lectores, neolectores e primeiros lectores autónomos–, así como a súa orixinal presentación na librería, apoiada por unha comunicación editorial moi coidada, amosan as enormes posibilidades para acometer desde Galicia proxectos editoriais autónomos da maior calidade e presenza popular.

Hoxe, nesta cita anual dos editores galegos, na que lembramos o nacemento hai cento e dous anos de Ánxel Casal, un dos editores do proxecto *A Nosa Terra*, expresamos todo o noso agarimo a admiración polo proxecto centenario de edicións A Nosa Terra. Saúde e lectura galega, benqueridos irmáns!

Manuel Bragado, A Coruña 14 de decembro de 2007